

EIXES ESPECÍFICOS

PROGRAMA

COMUNIDADE GALEGA

EIXO DE ACCIÓN 7

**PARTICIPACIÓN E
ASOCIACIONISMO**



**OBXECTIVO OPERATIVO 1**

Apoiar a labor dos organismos e entidades que fomenten a participación e o asociacionismo na mocidade

Medida 2: Iniciativa xove

XUVENTUDE CON INICIATIVA



Persoas beneficiarias: 119 asociacións e grupos informais.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: O apoio á realización de proxectos novidosos planificados e realizados por entidades xuvenís ou grupos de mozos e mozas.

**Medida
Nova****Medida 2a: Encontros Iniciativa Xove**

Persoas beneficiarias: 748.

Tipo de actividade: Xornadas.

Obxectivos acadados: A difusión do programa Iniciativa Xove, dando a coñecer as novidades da presente edición a través do achegamento a grupos de mozos e a asociacións que nunca traballaron con este tipo de axudas. Para elo levaronse a cabo 25 encontros en diferentes concellos de Galicia.



- A Coruña
- Carballo
- Noia
- Melide
- Boqueixón
- Xinzo da Limia
- O Carballiño

- Porriño
- Tui
- Padrón
- Vilalba
- Lugo
- Pontedeume
- Chantada

- Ourense
- Vigo
- Foz
- Ferrol
- Betanzos
- A Estrada
- Ourense
- A Cañiza



Medida 2b: Foros lidera a túa idea



Persoas beneficiarias: 337.

Tipo de actividade: Xornadas.

Obxectivos acadados: O desenvolvemento de ideas por parte das asociacións e mozos interesados para poder desenvolver os seus proxectos dentro do programa Iniciativa Xove. Realizáronse 11 foros en distintos puntos da xeografía galega para achegar a mocidade toda a información necesaria e as ferramentas para poder solicitar, desenvolver e executara os seus proxectos.

- Santiago de Compostela (7 de febreiro).
- Vilagarcía de Arousa (8 de febreiro).
- Lalín (8 de febreiro).
- Lugo (10 de febreiro).
- Ourense (10 de febreiro).
- Bergondo (11 de febreiro).
- Redondela (11 de febreiro).
- A Coruña (13 de febreiro).
- Ferrol (15 de febreiro).
- Viveiro (16 de febreiro).
- Curtis (24 de febreiro).



Medida 3: Censo de asociacións xuvenís e prestadoras de servizos a xuventude

Persoas beneficiarias: 1617.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: A creación dun rexistro de asociacións que traballan para e coa mocidade, así como acadar información sobre o asociacionismo xuvenil en Galicia.

Medida 4: Escola Galega de lecer e tempo libre

Persoas beneficiarias: 1419 títulos expedidos (1310 monitor de tempo libre e 102 director de tempo libre).

Tipo de actividade: Outras

Obxectivos acadados: A garantía dun nivel técnico das ensinanzas impartidas polas escolas de tempo libre, así como difundir as actuacións que se realizan dende cada unha delas.

Medida
Nova

Medida 5: Expón as túas obras

Persoas beneficiarias: 693 visitantes.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: A creación dun espazo no Centro coordinador de información e documentación xuvenil onde a mocidade poda expoñer a súa obra. Durante o 2012 leváronse a cabo tres exposicións: carteis, fotografía e circuío de creatividade.



**OBXECTIVO OPERATIVO 2**

Fomentar a participación da mocidade a través da posta en marcha de actividades de lecer e tempo libre

Medida 1: Actividades para maiores de 18 anos acción dVerán'12

Persoas beneficiarias: 216.

Tipo de actividade: Actividades (campamentos).

Obxectivos acadados: A realización de actividades de campamento no verán para proporcionar alternativas de lecer saudables para a mocidade galega de 18 a 35 anos.

**Medida 2: Campamentos de verán acción dVerán'12**

Persoas beneficiarias: 4461.

Tipo de actividade: Actividades (campamentos).

Obxectivos acadados: A participación de rapaces e rapazas de 9 a 17 anos en actividades de educación non formal no ámbito do lecer e do tempo libre. Os campamentos tiveron lugar tanto dentro como fora da comunidade autónoma de Galicia.

Medida 3: Campos de traballo acción dVerán'12

Persoas beneficiarias: 240.

Tipo de actividade: Actividades (campamentos).

Obxectivos acadados: A realización de actividades de voluntariado en campos de traballo tanto en Galicia como noutras Comunidades Autónomas e no estranxeiro durante os meses de verán.





Medida 4: Acción Dverán'12. Oferta concertada

Persoas beneficiarias: 1245.

Tipo de actividade: Actividades (campamentos).

Obxectivos acadados: O desenvolvemento de programas propios de actividades, facilitando o uso da instalacións da D.X. ás entidades públicas, privadas e grupos de mozos/as non asociados.

OBXECTIVO OPERATIVO 3

Promover a participación da mocidade en actividades e programas onde se incide na diversidade ambiental, etnográfica, cultural e patrimonial de Galicia

Medida 6: Roteiros para xuventude



Persoas beneficiarias: 1282.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A transmisión de valores como a convivencia, a cooperación e o compañeirismo, ofrecendo á mocidade novas experiencias e alternativas de lecer educativo. Consisten un programa de saídas de fin de semana que permite o contacto coa natureza ao mesmo tempo que combina lecer, deporte e coñecemento do noso entorno cultural e ambiental.



Medida 5: Aula Xuventur Módulo I: Vive o mar

Persoas beneficiarias: 143.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: O coñecemento por parte do alumnado de 12 a 16 anos da realidade mariñeira dende diferentes perspectivas (lúdico-educativa, ambiental e natural, social, histórica, práctica...). Tivo lugar no albergue das Sinas (Vilanova de Arousa) nos meses de marzo e abril.

Medida
Nova

Medida 6: Aula Xuventur Módulo II: Multiaventura de Cine



Persoas beneficiarias: 52.

Tipo de actividade: Actividades .

Obxectivos acadados: O achegamento das persoas participantes ao cine como ferramenta de desenvolvemento de habilidades sociais, creatividade e autoconecemento, complementando a alfabetización audiovisual dos/as participantes...Tivo lugar no albergue xuvenil LUG2 (Lugo) nos meses de marzo e xuño.

Medida
Nova**Medida 7: Aula Xuventur Módulo III-Camiño a Durban**

Persoas beneficiarias: 126.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A sensibilización sobre o cambio climático, achegando ao alumnado de 14 e 17 anos dos centros de ensino galego ao concepto de educación ambiental e desenvolvemento sostible. Para elo, levouse acabo un xogo de rol sobre educación ambiental. Tivo lugar no albergue xuvenil de Gandarío durante os meses de marzo a maio.

Medida
Nova**Medida 8: Mergúllate en San Simón**

Persoas beneficiarias: 90.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A adquisición de coñecementos básicos de mergullo e fomento entre a xuventude do coidado do medio ambiente, a través dun programa de saídas de fin de semana na Illa de San Simón consistente na realización de cursos de iniciación ao mergullo sen bombona.



OBXECTIVO OPERATIVO 4

Facilitar espazos e os recursos necesarios para que a mocidade poida expresar as súas opinións e inquedanzas, así como desenvolver diversas facetas culturais, artísticas, creativas...

Medida 1: Xuventude Crea



Persoas beneficiarias: 1282.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A manifestación da actividade e inquedanza artística individual e colectiva da mocidade galega. Para elo, realizárase un certame do concurso de creadores novos en distintas especialidades: teatro, artes plásticas, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis e deseño de xoias.

Premiáronse un total de 53 mozos dos 300 que se presentaron e en relación ao ano anterior presentáronse 60 traballos mais.

Medida 3: Encontro nacional de asociacións xuvenís

Persoas beneficiarias: 65.

Tipo de actividade: Xornada.

Obxectivos acadados: A creación dun espazo de diálogo e debate sobre a importancia do asociacionismo no actual contexto económico, social e político, así como da cooperación transfronteiriza e o emprendemento. Con tal fin, levouse a cabo un encontro en Braga nos días 24 e 25 de novembro de 2012.



Medida 4: Parlamento Xove

Persoas beneficiarias: 160.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: O fomento do diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias, ao tempo que potencian as habilidades individuais e grupais promovendo a selección de información, a expresión oral, as competencias básicas, o fomento da tolerancia e o respecto polas ideas dos demais. Na edición do ano 2012 analizouse o papel da mocidade no contexto actual e a reflexión sobre se a mocidade vai cara un modelo máis participativo ou máis individualista.



Medida 5: Airiños de Rock&Roll

Persoas beneficiarias: 120.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A posibilidade de que grupos musicais galegos emerxentes teñan un espazo onde podan amosar a súa creatividade. Para elo, organizouse un concurso onde dous dos grupos participantes tocarán en directo no Coliseum da Coruña o 26 de marzo acompañando a DEF CON DOS e O`FUNK`ILLO e todos os participantes teñen a oportunidade de acudir a un encontro de músicos, no que houbo un Master Class impartida polo músico Pepe Bao.



Medida
Nova**Medida 6: Estancias creativas**

Persoas beneficiarias: 150.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A promoción e a difusión da creación artística xuvenil dentro dos parámetros da arte actual (pintura, escultura, teatro, poesía, música, graffiti, fotografía creativa, banda deseñada ou calquera outra tendencia de actualidade), a través dun programa de fin de semana de dinamización artística.

Medida
Nova**Medida 7: Xornada de cultura urbana**

Persoas beneficiarias: 100.

Tipo de actividade: Xornada.

Obxectivos acadados: O fomento da creatividade e participación xuvenil, creando un espazo de intercambio de experiencias no eido da cultura urbana. A xornada tivo lugar en Ames o día 6 de outubro, onde se realizaron exhibicións de graffiti e breakdace e a participación en obradoiros de skateboard, beatbox, breakdance, turntblism e hamebeads.

Medida
Nova**Medida 8: Teatros de Pedra**

* Actividade englobada dentro do programa Imáxina Atlántica

Persoas beneficiarias: 24.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A promoción e estimulación da creación da mocidade dentro dos parámetros da arte actual e o fomento dun punto de encontro entre a mocidade creadora e non creadora, pero con inquiredanzas artísticas que converxen nunha posta en común. Para elo, durante dúas semanas un grupo de mozos e mozas creou no casco histórico de Santiago de Compostela un percorrido turístico alternativo a través da música, a escultura, o graffiti, a expresión corporal e a danza. Sete prazas convertéronse en sete teatros, con tres referencias temáticas principalmente: Dar a coñecer a Europa atlántica, presentar a cultura galega e recuperar os lugares emblemáticos da cidade de Santiago de Compostela.